

Disposición transitoria terceira.

1. A Universidade da Coruña comprométese a crear as correspondentes prazas de contratados que poidan ser ocupadas polos profesores contratados a tempo completo e axudantes doutores que xa o eran no momento da entrada en vigor da LOU e que sigan contratados no momento da entrada en vigor dos presentes Estatutos, logo do correspondente concurso convocado a tal efecto polo Consello de Goberno e sempre que cumpran os requisitos legais esixidos. Nos citados concursos recoñecerase como mérito específico a actividade docente e investigadora desenvolvida na Universidade da Coruña.

2. As devanditas prazas serán creadas do máximo nivel posible.

3. Excepcionalmente, para as prazas de profesor contratado doutor non será de aplicación o disposto no artigo 84.1 dos presentes Estatutos.

4. Os profesores contratados a tempo completo segundo a LRU que cumpran os requisitos legais esixidos poderán acollerse ao réxime de asociados a tempo parcial, garantíndoselles neste último caso o máximo posible de dedicación a tempo parcial previsto pola lei e a retribución proporcional correspondente. Unha vez contratados neste réxime, no caso de que con posterioridade cumpran os requisitos legalmente esixidos, seralles de aplicación o disposto no apartado 1 desta disposición.

Disposición transitoria cuarta.

A Universidade arbitrará medidas que favorezan a continuidade no emprego dos seus profesores, en análogas condicións ás que lles viñan sendo de aplicación, tratando de manter a súa vinculación coa Universidade.